

ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2022 DO CONCELLO DE LUGO CORRESPONDENTE A UNHA PRAZA ESTRUCTURAL DE TÉCNICO MEDIO XESTIÓN INCURSA NO SUSPOSTO DO ARTIGO 2.1 DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN, QUE SE REXE POLAS BASES ESPECÍFICAS APROBADAS POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE LUGO Nº 5/88, NA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 6 DE MARZO DE 2024, RELATIVA A REVISIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN.

Sendo ás 11:00 horas do día 7 de abril de 2025, no Edificio de Novas Tecnoloxías, sito na Praza Anxo Fernández Gómez s/n, reúnese o Tribunal cualificador da convocatoria do referido proceso selectivo mediante o sistema de concurso oposición para o acceso en propiedade dunha praza estrutural de Técnico/a Medio de Xestión, incursa no suposto do artigo 2.1 da Lei 20/2021, que se rexe polas bases específicas aprobadas polo Acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo nº: 5/88, na sesión ordinaria celebrada o 6 de marzo de 2024, co fin de revisión dos exercicios realizados por dona Mª. Ángeles Rico Méndez e por dona Mª. Ángeles Carballido Roca, conforme aos escritos con rexistro de entrada neste Concello de Lugo os días 21 e 24 de marzo de 2025, respectivamente, coa asistencia dos seguintes membros do mesmo que se citan a continuación:

Presidente: Don Juan Ignacio Marquez Gacio, Xefe do Servizo de Licenzas do Concello de Lugo.

Vogais:

Don Pedro Fernández Augusti, Xefe do Servizo de Control Financeiro do Concello de Lugo.

Dona Carmen Flores Pardo, Letrada Municipal do Concello de Lugo

Dona Natalia Framil Rego, Xefa do Servizo de Xestión Económico Financiera do Concello de Lugo.

Secretario: Don Justo Díaz Rodríguez, Vicesecretario Accidental do Concello de Lugo.

Primeiro.- Constituído o Tribunal o día 7 de abril de 2025, co obxecto de proceder a revisión dos exercicios realizados polas aspirantes dona Mª. Ángeles Rico Méndez e por dona Mª. Ángeles Carballido Roca, procedéuselles a explicar verbalmente en presenza das mesmas os criterios de valoración utilizados por este Tribunal na avaliación do segundo exercicio da fase de oposición do referido proceso selectivo, e procedendo simultaneamente a entregalles copias dos seus exames realizados xunto coa resolucións correctas dos supostos prácticos, acordando por unanimidade este Tribunal manter as puntuacións que lle foron atribuídas na acta estendida por este Tribunal o día 17 de marzo

jdiaz

Refª: Acta de revisión segundo exercicio proceso selectivo dunha praza de Técnico Medio de Xestión OEP 2022

Asunto: Acta revisión segundo exercicio

de 2025, a cal foi oportunamente publicada na Páxina WEB e no Taboleiro de Anuncios do concello de Lugo.

Segundo.- O Tribunal acordou novamente poñer en coñecemento das opositores dona Mª. Ángeles Rico Méndez e por dona Mª. Ángeles Carballido Roca, que realizaron o segundo exercicio do proceso selectivo mediante o sistema de concurso oposición para o acceso en propiedade a unha praza estrutural de Técnico/a Medio de Xestión, incurso no suposto do artigo 2.1 da Lei 20/2021, que se rexe polas bases específicas aprobadas polo Acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo nº: 5/88, na sesión ordinaria celebrada o 6 de marzo de 2024, que as súas puntuacións acadadas no segundo exercicio da fase de oposición tras a revisión dos seus exames realizados e a seguinte:

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN SEGUNDO EXERCICIO
CARBALLIDO ROCA, MARÍA ÁNGELES	***6148**	14,09
RICO MÉNDEZ, MARÍA ÁNGELES	***0669**	9,50

Conforme ao disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 do outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, a presente publicación produce os efectos de notificación individualizada aos aspirantes que presentaran reclamacións ao primeiro exercicio da presente convocatoria, significándolles, ademais, a posibilidade de presentar, no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao desta publicación, recurso de alzada nos termos establecidos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, ante este Tribunal cualificador ou ante a Xunta de Goberno Local como órgano competente para resolvelo.

E para que así conste e surta os efectos legais oportunos, levántase a presente Acta as 12,00 horas, no lugar e data anteriormente expresados, unha vez firmada por todos os membros do Tribunal, de cuxo acto este Secretario certifico.

O Presidente do Tribunal.

O Secretario do Tribunal.

Asdo.: Juan Ignacio Marquez Gacio

Asdo.: Justo Díaz Rodríguez.

Vogal.

Asdo.: Pedro Fernández Augusti

Asdo.: Carmen Flores Pardo

Vogal.

Asdo.: Natalia Framil Rego.

Natalia Framil